- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números?
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prejuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Ferrol Mola	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha algúna particularidade lingüística da contorna próxima.	IA          TI
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demáis persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Acheamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna más próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións inter persoais.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números,</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola producción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Acheamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Memorización e recitado de textos literarios.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> </ul>

## Contidos

- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Acheamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respeito polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respeito cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

### 4.1. Concreciones metodolóxicas

#### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS.

Tendo en conta que no segundo ciclo de Educación Infantil, segundo Piaget, os nenos e as nenas están no período sincrético e egocéntrico os principios metodolóxicos que seguiremos serán:

- Globalización: entendido como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacions globais: situacions comunicativas, conflictos ou cuestiós sociais, problemas de calquera tipo nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
- Aprendizaxe significativo: debemos facer propostas tendo en conta os intereses e os coñecementos previos dos alumnos, có fin de que adquiran coñecementos funcionais que podan empregar na vida cotiá. Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
- Principio de actividad: entendido coma un conxunto de estratexias que permiten e estimulan aos nenos/as a participar como suxeitos da súa propia aprendizaxe. Crearemos situacions nas que o noso alumnado teña que observar, facer propostas, tomar decisións, formular hipóteses, analizar, sacar conclusiós, facer xuízos críticos... Empregarase, polo tanto, un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán as estacións de traballo.
- Afectividade: debe ser o fío conductor de toda a situación de ensino

aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construir coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva. Con este fin se planifica o período de adaptación e a partir do mesmo crear un clima de afecto e confianza no que o alumnado se sinta protexido e seguro. A esto tamén contribuirá o coñecemento dos compañeiros e compañeiras que fomentaremos a partir de xogos nos espazos de aprendizaxe.

- Individualización e socialización: cada neno/a é un ser único e diferente, ten un modo particular de sentir e actuar; por iso a nosa planificación ten que estar supeditada ao tipo de alumnado ao que vai dirixida, así coma aos diferentes ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe. Isto non entra en contradicción co proceso de socialización, a pesares do egocentrismo destas idades, o noso alumnado é sociable, coopera co adulto, vaise adaptando progresivamente ás normas e amosa un crecente desexo de xogar cos iguais. Por esta razón, nas nosas aulas, fomentarase un clima participativo a través de asembleas diárias, preguntas abertas, xogos... Neste sentido, deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado. Todos estos principios didácticos concrétanse no traballo diario a través de:

#### Rutinas:

Entendemos as rutinas como actividades que se realizan diariamente de forma regular, periódica e sistemática.

Algunhas das rutinas más significativas en todos os cursos serán:  
Elección do encargado ou encargada (traballo do nome propio adaptado a cada nivel).

Pasar lista e rexistro de asistencia.

Localización no calendario do día no que nos atopamos.

Rexistro da data.

Observación e rexistro do tempo atmosférico.

Estas rutinas lévanse a cabo mediante paneis que permiten rexistrar os resultados das súas observacións de forma autónoma, actuando a mestra como mediadora da aprendizaxe.

#### Traballo por proxectos:

Cando aquí nos referimos a proxectos estamos a falar dun enfoque metodolóxico concreto, dunha estratexia metodolóxica integradora que parte da necesidade de adecuar o ensino ás necesidades e intereses do alumnado e ás necesidades educativas. Esta estratexia de organización está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relacións entre os contidos e no enfoque globalizado ou interdisciplinario, que vai favorecer a construcción do coñecemento e a consecución das competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas.

#### Obxectivos do traballo por proxectos:

- Participar activamente na elección dos proxectos argumentando as súas propostas, valorando e respectando as dos demás.
- Formular dúbidas e preguntas que axuden ao desenrollo das actividades.
- Empregar axeitadamente os recursos da aula e do colexiu tales como a biblioteca ou o ordenador, para a obtención de información.
- Recoñecer a existencia doutras fontes de información como as aportacións doutras persoas e o análise do mundo próximo.
- Comprender a importancia de formar parte dun grupo e asumir as súas responsabilidades dentro do mesmo.
- Empregar diferentes formas de recollida da información.
- Utilizar a información obtida para a resolución de diversos problemas.
- Aprender o vocabulario básico relacionado co proxecto e intentar empregalo axeitadamente en diversos contextos.

#### Fases do traballo por proxectos:

- Elección do tema.

- Recollida de información (que sabemos? , que queremos saber?).
- Planificación do proxecto.
- Busca de información.
- Desenrolo do proxecto.
- Avaliación do proxecto.

Actividades tipo dos traballos por proxectos:

- De recollida de coñecementos previos e inquietudes que lles suscite o tema ao alumnado.
- De introdución ao tema para motivar ao alumnado.
- De busca e tratamiento da información.
- De aplicación.
- Para reflexionar.
- Encamiñadas á avaliación.

Ademais dos proxectos que surxirán ao longo do curso dos intereses e motivacións do alumnado, inclúense nesta programación unha serie de unidades didácticas concebidas como proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, menos na primeira, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.

Organización da aula en estacións de aprendizaxe:

O presente curso escolar continuamos coa organización do espazo da aula por estacións de aprendizaxe. As diferentes estacións son de circulación libre e conteñen unha serie de propostas que responden aos intereses e motivacións do alumnado. Esas propostas de aprendizaxe son dinámicas e van cambiando cada 15 días. A maiores e, en determinados días, as alumnas e alumnos teñen unha serie de actividades obligatorias nalgúns das estacións que deberán realizar ao longo da semana.

Grupos mixtos:

Durante 4 sesións semanais, realizaremos agrupamentos interniveis onde os nenos e nenas dos tres niveis mesturaranse polas distintas aulas de infantil.

Estes agrupamentos irán rotando ao longo do curso.

#### CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA CADA UNHA DAS ÁREAS.

Área 1: comunicación e representación da realidade

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical

Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbunes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Material de xogo simbólico
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliação inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou tutores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliação inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliação inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e á realidade da aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

**Criterios de recuperación:**

Este apartado non procede nesta etapa.

**6. Medidas de atención á diversidade**

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características personais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade , igualdade de oportunidades,e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lingua, razonamento, atención,etc)

Adecuaremos sempre a estructura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidaas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículum axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as líñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da lingua, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tareas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando siempre aumentar a autoestima, adoptando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacíons de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (tutoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).

O grupo de tres anos está composto por un total de 25 alumnos cos que é moi necesario traballar o ámbito da autonomía. Dentro da diversidade da aula cabe destacar diferentes casos:

Alumnado NEAE:

- Un alumno con un retraso madurativo, pendente da valoracion do equipo de Atención Temprana
- Dúas alumnas que presenta un retraso na fala. (derivadas ao pediatra)
- Unha nena e un neno con descoñecemento do idoma.

Por último, destacar tamén que nesta aula hai unha alumno no que se observaron, dende o inicio de curso, diversas problemáticas pendentes de categorizar.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X		X			X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	Nalgunha unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.	X	X	X
Contacontos	Nalgunha unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.	X	X	X
Saída de campo.	Realizaremos algunha saída para afondar no traballo na aula.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Actividades solidarias	O alumnado poderá levar a cabo diferentes actividades cun fin solidario: recollida de roupa, carreiras solidarias.	X	X	X
Proxectos medioambientais	Participamos en Voz Natura, xa que contamos cun horto escolar e cun invernadoiro no que os nenos prantan e recollen a súa colleita.	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

### Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Deseño das actividades adecuadas ao alumnado

Elementos curriculares presentes nas actividades.

Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.

Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.

Temporalización de actividades adecuada.

A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Metodoloxía emplegada

Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos

Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.

Empréganse diversos recursos didácticos.

Medidas de atención á diversidade

Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.

Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Existe coordinación co equipo docente.

Promóvese a participación das familias.

### Descripción:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

## 9. Outros apartados